

A HISTORIA VAI POR BARRIOS

A historia vai por barrios é un proxecto de intervención social que fai da historia de cada barrio o instrumento básico dunha serie de actividades de animación sociocultural con vistas a acadar os seguintes obxectivos:

- Mellorar o coñecemento que a veciñanza dos barrios participantes, e da cidade en xeral, posúe da súa historia, que é a de todos.
- Desenvolver na cidadanía unha maior sensibilidade respecto do patrimonio material e inmaterial que herdou.
- Dinamizar os centros socioculturais, ofrecendo a veciños e veciñas unha oportunidade para coñecer a súa cidade e coñecerse mellor a si mesmos, compartindo con outros habitantes do barrio e da cidade as experiencias do pasado.
- Ofrecer á veciñanza de cada barrio a oportunidade de descubrir a realidade, presente e pasada, doutros barrios.

O proxecto *A Historia vai por barrios* concrétase nunha serie de actividades:

- Exposicións sobre a historia de cada barrio.

Cada barrio terá a súa mostra, que se centrará nos aspectos máis significativos do seu pasado. Os contidos fuxirán do anecdótico e dos datos para buscar a comprensión do proceso histórico de cada zona. Os barrios actuais son froito das experiencias e éxitos do pasado; este é o espírito fundamental dos contidos.

Serán montaxes sinxelas, pero modernas e dinámicas, tentando combinar o tradicional e o contemporáneo. Adaptaranse a todos os públicos.

As exposicións transmitirán contidos e coñecementos, pero a súa misión concreta será suscitar o debate e a comunicación entre os veciños e veciñas.

- Itinerancia nas exposicións.

Para coñecerse mellor e, en certo modo, construír a historia da cidade desde a base, as mostras circularán por todos os barrios que participan no proxecto. A cidadanía terá ao final unha idea global da historia da cidade, pero cunha perspectiva totalmente diferente á tradicional, procedente dos ámbitos académicos.

- Actividades de animación

O seu obxectivo é contribuír á dinamización do programa e dos Centros Socioculturais participantes. Están programadas para todos os públicos e para todos os gustos. Nelas ponse especial énfase en propiciar o encontro entre distintas xeracións, así como entre antigos veciños e recén chegados.

Unha parte importante das actividades será específica para cada centro, xa que é vital adaptarse á realidade de cada barrio. O programa concreto será froito da colaboración dos diferentes axentes sociais presentes en cada barrio (asociacións, institucións e CSC).

O programa de actividades non está prefixado, xa que a versatilidade é fundamental para acadar os obxectivos propostos. O importante é implicar á veciñanza para que se ilusione cun mellor coñecemento do espazo que a rodea.

As actividades pódense clasificar en varios tipos:

- As específicas deste proxecto, que son concibidas e deseñadas ex novo para esta ocasión; por exemplo, os obradoiros xornalísticos con rapaces.

- As habituais nas que, con motivo do proxecto, se inclúen contidos distintos. Por exemplo, nos habituais cursos de manualidades ou cociña, introducirase a recuperación dos antigos adornos para as festas ou as comidas tradicionais do barrio.
- As deseñadas con motivo da itinerancia das exposicións. A chegada a un barrio da mostra procedente doutro irá acompañada dunha visita e dunha serie de actividades que proporcionarán aos participantes unha escusa e un espazo para o intercambio.